



CPI de ATIOS
Valdoviño

Memoria

Departamento de Tecnoloxía

Curso 2022/23

Xefe/a de departamento:	Materias
M ^a REYES MONTERO VALE	Tecnoloxía e Dixitalización 1º ESO Tecnoloxías 2º e 4ºESO
BEATRIZ FERNÁNDEZ REY	Educación Dixital 3º ESO T.I.C 4º ESO

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

Tecnoloxía e Dixitalización 1º ESO: Impartíronse os seguintes bloques que acadan un 85% da programación didáctica. Satisfactoria.

1. O proxecto tecnolóxico.
2. Deseño e fabricación, iniciación ao deseño 2D (Tangram, letras, lámina) e 3D (chaveiro, peza, medalla). Emprego de ferramentas. Normas seguridade. Corte 2D coa cortadora láser(pezas do tangram).
3. Elementos de máquinas: circuitos eléctricos sinxelos. Circuitos en Tinkercad (simple, serie, paralelo, mixto). Programación en MakeCode e Playground Express. Non se impartiu mecanismos nin estruturas.
4. Programación , control e robótica. Programación Mbot.
5. Documentación e comunicación dixital. Crear contidos e elaboración de materiais empregando ferramentas dixitais.

Tecnoloxías 2º ESO: Impartíronse os seguintes bloques que acadan un 85% da programación didáctica. Satisfactoria.

1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
2. Expresión e comunicación gráfica: Emprego das ferramentas de debuxo (regla,escuadra, cartabón, compás) no deseño de obxectos. Sistema diédrico-vistas. Acotación e escalas. Debuxo dixital en 2D con LibreCad. Deseño 3D con Tinkercad.
3. Materiais de uso técnico: Materiais plásticos, madeira, metais.
4. Estruturas. Tipos de estruturas. Elementos estruturais e esforzos. Deseño e construción de estrutura de espaguetis. Deseño e construción de estrutura de madeira para un muiño eléctrico.
5. Electricidade. Elementos dun circuíto. Simbología. Tipos de circuitos (simple, serie, paralelo, mixto, cortocircuíto). Deseño e montaxe de circuitos eléctricos en Tinkercad. Deseño e montaxe do circuíto eléctrico do proxecto do muiño eléctrico. Soldadura eléctrica con estaño.
6. Mecanismos: non se impartiu

Educación Dixital 3º ESO: Impartíronse os seguintes bloques que acadan un 80% da programación didáctica. Satisfactoria.

1. Diapositivos dixitais e sistemas operativos.
2. Creación e edición de documentos de texto.
3. Creación e edición de presentacións dixitais.
4. Ética e seguridade dixital.
5. Creación e edición de follas de cálculo.
6. Creación e edición de imaxe dixital.

7. Creación e publicación de contidos na rede.
8. Pensamento computacional: programación: non se impartiu.

Tecnoloxía 4º ESO: Impartíronse os seguintes bloques que acadan un 85% da programación didáctica. Satisfactoria.

1. Desenvolvemento tecnolóxico. Sostibilidade. Deseño de produtos.
2. Instalacións en vivendas: Instalación de auga potable, auga quente sanitaria, electricidade, telecomunicacións, calefacción, domótica...
3. Control e robótica. Programación en Microbit-Makecode
4. Electrónica analóxica. Sensores de temperatura, ultrasóns, ruído, contacto...
5. Electrónica Dixital: portas lóxicas, circuitos dixitais. Programación e control con Arduino.
6. Pneumática e hidráulica: non se impartiu.

TIC 4º ESO: Impartíronse os seguintes bloques que acadan un 85% da programación didáctica. Satisfactoria.

1. Ética e estética na interacción en rede
2. Computadores, sistemas operativos e redes
3. Organización, deseño e produción de información dixital
4. Seguridade informática
5. Publicación e difusión de contidos: impartíuse unha parte.
6. Internet, redes sociais e hiperconexión: impartíuse unha parte.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

As modificacións introducidas ao longo do curso foron:

Desaparece o período entre a terceira avaliación parcial (6-7 de xuño) e a avaliación final ordinaria (22 de xuño), contemplada na programación didáctica para adicar a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titorización, debido á publicación da seguinte orde;

A orde do 27 de decembro de 2022 modificou a orde do 20 de maio de 2022, modificando o calendario escolar, onde di *“a sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria deberá coincidir coa sesión de avaliación final”*

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

As principais razóns polas que non se conseguiron impartir todas as unidades didácticas foron:

- Ausencia da profesora Reyes Montero, durante 1 semana por participar nun ERASMUS.
- As numerosas actividades programadas e realizadas no centro, que implicaron a perda de horas lectivas.

D) Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.

TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1ºESO				
	Curso 22/23			
Cualificación	Nº de Alumnos			
1	-			
2	-			
3	2			
4	1			
Suspensos	3			
5	4			
6	5			
7	5			
8	9			
9	8			
10	2			
Aprobados	19+18			

TECNOLOGÍAS 2º ESO					
	Curso 18/19	Curso 19/20	Curso 20/21	Curso 21/22	Curso 22/23
Cualificación	Nº de Alumnos				
1	-	-	1	0	1
2	1+0	-	-	0	
3	1+1	-	2	0	1
4	-	3	-	0	
Suspensos	3	3	3	0	2
5	7	6	3	3	6
6	5	10	6	7	15
7	5	5	15	10	14
8	3	6	15	12	13
9	5	5	9	6	4
10	7	16	3	1	8
Aprobados	35	52	51	39	62

<i>Materia pendiente de 2º da ESO</i>	APROBADOS	SUSPENSOS
Alumnado de 3º da ESO	1	0
Alumnado de 4º da ESO	1	0

EDUCACIÓN DIXITAL 3ºESO				
	Curso 22/23			
Cualificación	Nº de Alumnos			
1	-			
2	-			
3	-			
4	-			
Suspensos	-			
5	6			
6	2			
7	3			
8	-			
9	2			
10	-			
Aprobados	13			

TECNOLOXÍA 4º					
	Curso 18/19	Curso 19/20	Curso 20/21	Curso 21/22	Curso 22/23
Cualificación	Nº de Alumnos				
1	-	-	-	-	-
2	-	-	-	-	-
3	-	-	-	-	-
4	-	-	-	-	-
Suspensos	0	0	0	0	0
5	-	-	1	2	1
6	1	2	1	5	1
7	-	1	4	1	3
8	-	8	4	1	1
9	1	4	3	1	1
10	2	9	3	1	-
Aprobados	4	24	16	11	7

TIC 4º					
	Curso 18/19	Curso 19/20	Curso 20/21	Curso 21/22	Curso 22/23
Cualificación	Nº de Alumnos				
1	-	-	-	-	-
2	-	-	-	-	-
3	-	-	-	-	-
4	-	-	-	-	-
Suspensos	0	0	0	-	-
5	4	8	-	1	-
6	6	3	-	3	2
7	4	3	3	2	2
8	3	3	2	1	1
9	1	1	3	4	1
10	0	1	2	2	5
Aprobados	18	21	10	13	11

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

En Tecnoloxía e Dixitalización de 1º da ESO, obtivéronse bos resultados, agás naqueles nenos que teñen moitas faltas de asistencia á clase ou que non traballan nada nin na aula nin na casa.

En 2º da ESO, os resultados foron bastante bos en xeral, a pesar de que 2 dos grupos tiñan un bo número de alumnos con NEE ou ACI, polo que o proceso ensino-aprendizaxe sobre todo no taller, dificultouse xa que non era doado atender debidamente a todo o alumnado.

En Educación Dixital en 3º da ESO, os resultados son decentes aínda que non hai notas destacables na materia. En xeral o grupo traballou o xustíño para acadar os mínimos esixidos, son da teoría “co 5 chégame”.

Tecnoloxía 4º ESO : Os obxectivos acadáronse con bastante éxito, xa que o alumnado era moi traballador e participativo.

TIC 4º ESO: Os resultados obtidos son moi bos. Os obxectivos acadáronse con éxito, xa que o alumnado era moi traballador e participativo.

F) Avaliación da práctica docente.

Tecnoloxía e Dixitalización 1º ESO, Tecnoloxías 2º e 4º da ESO. A miña intención foi a de cumprir a programación e que os alumnos cumpriran os obxectivos, en termos xerais case todo o alumnado conseguiu acadar os obxectivos mínimos marcados.

Educación Dixital 3º ESO e TIC 4º ESO. A intención foi a de ir cumprindo a programación oa tempo de facer que a formación fora útil no seu día a día. Avanzouse na programación cando a parte que empregan de xeito habitual está ben asentada. Este foi un dos motivos de que non dera tempo de ver toda a programación do curso. Outro factor importante foi a perda de horas lectivas na materia ao coincidir con outras actividades programadas do centro.

Non rexistramos , nin directamente no Departamento, nin a través doutras canles, queixas sobre a práctica docente, nin no momento de pechar esta memoria, sobre as cualificacións das distintas materias.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

Non se realizaron actividades complementarias

H) Principais conclusións.

O desenvolvemento da materia foi bastante satisfactorio, practicamente impartíuse toda a programación, e unha boa porcentaxe do alumnado acadou as competencias básicas.

En canto ao tema dixital, debo sinalar a boa competencia do alumnado coas TIC, que ten moito que ver co emprego da plataforma EDIXGAL e a Aula Virtual.

Dende aquí atrévome a propoñer, que sexa o Equipo Directivo o que promova iniciativas entre a comunidade educativa, para fomentar a igualdade de xénero, a inclusión, os valores, o medio ambiente, e como non a educación dixital para o século XXI.

Valdoviño, 29 de xuño de 2023

Beatriz Fernández Rey



Mª Reyes Montero Vale



Xefa departamento de Tecnoloxía

